



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Xeografía física	Código	610G02006	
Titulación	Grao en Bioloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Física e Ciencias da Terra			
Coordinación	Santos Fidalgo, Luisa	Correo electrónico	luisa.santos@udc.es	
Profesorado	Lado Liñares, Marcos Sanjurjo Sanchez, Jorge Santos Fidalgo, Luisa	Correo electrónico	marcos.lado@udc.es jorge.sanjurjo.sanchez@udc.es luisa.santos@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo xeral e global dos principais elementos da Xeografía da Natureza, das súas relacións internas e dos seus elementos significativos, introducindo o estudo do relevo, do clima, das augas, da biosfera e da paisaxe de modo integrado.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Mantéñense a maior parte das metodoloxías docentes que terán que pasar a telemáticas: Sesións maxistras Prácticas Traballos tutelados</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Saídas de campo: Suspéndense as prácticas de campo que teñen carácter voluntario Proba obxectiva (non se realizarán cuestionarios eliminatorios, a avaliación destes coñecementos incorpórase á avaliación continua de prácticas e seminarios e á avaliación final)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico: Diariamente, para consultas, solicitar tutorías e facer seguimento dos traballos tutelados. Moodle: Diariamente. Disporán de foros específicos asociados ás distintas actividades para a realización de consultas, así como Tarefas e outras actividades para o desenvolvemento dos contidos da materia. Teams: Sesións síncronas (vídeoconferencias) semanalmente nas franxas horarias asignadas nos cronogramas de aulas da facultade (tanto para contidos teóricos como para seguimento e apoio de prácticas e traballos tutelados) e asíncronas (mensaxería) diariamente.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Prácticas (30%): Avaliación continua, realización das prácticas e entrega dos exercicios solicitados. Seminarios (40%): Avaliación continua, elaboración de dous traballos e entrega a través de Moodle. Contidos teóricos (30%): Avaliación a través de Teams e Moodle. Outras actividades (1,5 puntos a maiores): Participación activa nas distintas actividades programadas (Foros, Rúbricas, etc.).</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se produciron.</p> <p>Outras observacións: Esta materia impártese no Primeiro e no Segundo Cuadrimestre, polo que podería darse o caso de que no Segundo Cuadrimestre a Modalidade Docente fora Presencial en lugar de Híbrida.</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A6	Catalogar, avaliar e xestionar recursos naturais.
A22	Describir, analizar, avaliar e planificar o medio físico.
A23	Avaliar o impacto ambiental. Diagnosticar e solucionar problemas ambientais.
A30	Manexar adecuadamente instrumentación científica.
A32	Desenvolverse con seguridade no traballo de campo.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.



B5	Traballar en colaboración.
B6	Organizar e planificar o traballo.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nunha contorna de traballo.
B8	Sintetizar a información.
B9	Formarse unha opinión propia.
B10	Exercer a crítica científica.
B11	Debater en público.
B12	Adaptarse a novas situacións.
B13	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Desenvolvemento das capacidades de interpretación e síntese da información que suministra a bibliografía, os distintos tipos de cartografía e a fotointerpretación.		A6	B1
		A22	B2
		A23	B3
		A30	B4
		A32	B5
			B6
			B7
			B8
			B9
			B10
			B11
			B12
			B13
Traballar de forma autónoma con iniciativa, procura de bibliografía e datos en diversas fontes.		A6	B1
		A22	B2
		A23	B3
		A30	B4
		A32	B5
			B6
			B7
			B8
			B9
			B10
			B11
			B12
			B13



Adquisición dun desenvolvemento adecuado das capacidades de aplicación, análise e valoración dos coñecementos adquiridos no contexto práctico que o futuro exercicio profesional esixe.	A6	B1
	A22	B2
	A23	B3
	A30	B4
	A32	B5
		B6
		B7
		B8
		B9
		B10
		B11
		B12
		B13

Contidos	
Temas	Subtemas
I. INTRODUCCIÓN	1. Xeografía Física: concepto, división e relación con outras ciencias 2. O sistema Terra e os seus subsistemas 3. A superficie terrestre. Topografía global
II. A ATMÓSFERA E O SISTEMA HIDROLÓXICO DA TERRA	4. Composición e estrutura da atmosfera 5. A enerxía do sistema atmosférico 6. Ventos e circulación atmosférica 7. Interacción océano-atmosfera. Circulación oceánica 8. Humidade atmosférica e balance hídrico 9. Formas de precipitación, masas de aire e sistemas frontais 10. Zonación climática da Terra 11. O cambio climático
III. A BIOSFERA	12. Clima, solo, flora e fauna 13. Formación do solo, propiedades e clasificación 14. Procesos bioxeográficos. Fitoxeografía e Zooxeografía
IV. A EVOLUCIÓN DO RELEVO E DA PAISAXE	15. Meteorización e movementos de masas 16. Sistemas fluvial e lacustre 17. Sistemas costeiros 18. Sistema cárstico 19. Sistema glaciar 20. Sistema desértico

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	B1 B3	28	70	98
Prácticas de laboratorio	A30	10	5	15
Traballos tutelados	A6 A22 A23 B2 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12 B13	8	16	24
Saídas de campo	A32	5	5	10
Proba obxectiva	B8	2	0	2
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Trátase de asimilar uns contidos teóricos básicos a partir das clases maxistrais.
Prácticas de laboratorio	As prácticas representan un complemento indispensable ás leccións teóricas. Nelas abordarase a aprendizaxe dos métodos e técnicas máis comúns para o tratamento da información xeográfica. O obxectivo será que o alumno desenvolva as capacidades de interpretación, síntese e análise da información que suministra a bibliografía, a cartografía, e a fotoxeoloxía, grazas ó coñecemento global da materia e da súa aplicabilidade. Ademais preténdese que o alumno adquira nocións básicas acerca da utilización da información xeográfica e da súa análise espacial empregando ferramentas informáticas (Sistemas de Información Xeográfica).
Traballos tutelados	Estes consistirán na elaboración de temas ou traballos individuais ou en grupos, propostos polo profesor, sobre diversos aspectos da materia. Requírese: búsqueda e manexo da información, esquematización das ideas principais, división do traballo, discusión en grupo e exposición dos contidos na clase. Asimesmo os alumnos poderán participar voluntariamente nunha actividade de Aprendizaxe-Servizo (ApS). Os resultados das actividades expostas anteriormente serán avaliados. O profesor asesorará permanentemente o desenvolvemento das diferentes actividades da aprendizaxe.
Saídas de campo	Complemento do resto das actividades.
Proba obxectiva	Cuestionarios eliminatórios dos contidos teóricos da asignatura, consistentes en preguntas curtas ou de tipo test e comentarios e identificación de diagramas ou fotografías.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Traballos tutelados Saídas de campo	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos do traballo presencial para o alumnado co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso según o plan de traballo da materia.</p> <p>A vía non presencial para a atención personalizada realizarase mediante correo electrónico, plataforma virtual ou medios semellantes.</p> <p>Os estudantes co recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia tamén poderán entregar o traballo aos docentes e disporán da mesma estrutura de tempos e esquema para recibir atención personalizada dos profesores, tanto pola vía presencial como a non presencial.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A30	Avaliación continua.	20
Traballos tutelados	A6 A22 A23 B2 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12 B13	Traballos elaborados polos alumnos e presentación dos mesmos.	30
Proba obxectiva	B8	Cuestionarios eliminatórios dos contidos teóricos da asignatura.	50

Observacións avaliación



A asistencia ás clases prácticas de gabinete (incluíndo a entrega dos exercicios solicitados) e a elaboración dos traballos de seminario son condicións necesarias para ser avaliado. A participación nas prácticas e realización dos traballos suporá o 50% da cualificación final (prácticas: 20% e traballos: 30%). Os exames dos contidos teóricos representan o 50% da mesma. Para superar a materia, a teoría ten que estar aprobada (5 sobre 10). Adicionalmente valorarase a presentación dos seminarios, así como a participación activa neles, asistencia e participación nas tutorías, saída campo, visita AEMET, etc., puidendo aumentar ata un punto o valor da cualificación final. Os alumnos que non superen a materia na Primeira Oportunidade serán avaliados nos exames oficiais da Segunda Oportunidade. Esta convocatoria avaliarase do mesmo xeito (porcentaxes), mediante exame dos contidos teóricos e prácticos e entrega dos traballos de seminario. Para obter a cualificación de NON PRESENTADO, os alumnos non poderán participar en máis dun 40% das actividades avaliadas programadas.

Todas as observacións previas son aplicables aos estudantes a tempo parcial. Casos excepcionais: no caso de que o estudante, por razóns debidamente xustificadas, non puidera realizar todas as probas de avaliación continua, o Profesor/es adoptará/n as medidas que considere/n oportunas a tal efecto. Para a concesión das Matrículas de Honra priorizarse aos alumnos de primeira oportunidade.

Fontes de información

Bibliografía básica	De Blij, H.J., Muller, P.O. y Williams, R.S. 2004. Physical Geography. The global environment. Oxford University Press, Oxford. López Bermúdez, F., Rubio Recio, J.M. y Cuadrat, J.M. 1992. Geografía Física. Cátedra, Madrid. Strahler, A.N. y Strahler, A.H. 1994. Geografía Física. Omega, Barcelona.
Bibliografía complementaria	Briggs, D. y Smithson, P. 1992. Fundamentals of Physical Geography. Routledge, London. Gabler, R.E., Sager, R.J., Wise, D.L. y Petersen, J.F. 1999. Essentials of Physical Geography. Thomson Learning, London. Strahler, A.N. y Strahler, A.H. 2002. Physical Geography: science and systems of the human environment. John Wiley and Sons, New York. Hamblin, W.K. y Christiansen, E.H. 2001. Earth's Dynamic Systems. Prentice Hall, London. Skinner, B. J. & Porter, S. C. 1995. The Dynamic Earth. An Introduction to Physical Geology. John Wiley & Sons, New York. Briggs, D. y Smithson, P. 1992. Fundamentals of Physical Geography. Routledge, London. Gabler, R.E., Sager, R.J., Wise, D.L. y Petersen, J.F. 1999. Essentials of Physical Geography. Thomson Learning, London. Strahler, A.N. y Strahler, A.H. 2002. Physical Geography: science and systems of the human environment. John Wiley and Sons, New York. Hamblin, W.K. y Christiansen, E.H. 2001. Earth's Dynamic Systems. Prentice Hall, London. Skinner, B. J. & Porter, S. C. 1995. The Dynamic Earth. An Introduction to Physical Geology. John Wiley and Sons, New York.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xeoloxía/610G02004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Ecoloxía I: Individuos e ecosistemas/610G02039

Ecoloxía II: Poboacións e comunidades/610G02040

Edafoloxía/610G02045

Observacións



Recoméndase ter superada a materia do primeiro cuatrimestre ?Xeoloxía?. Recoméndase a asistencia e participación nas clases teóricas. Recoméndase o coñecemento do idioma inglés cun nivel de comprensión de lectura medio. Requírese saber redactar, sintetizar e presentar ordenadamente un traballo, así como a aplicación a un nivel de usuario de ferramentas informáticas (uso de Internet, procesador de textos, presentacións, etc.).

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías